

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

6476 *Lei orgánica 3/2014, do 18 de xuño, pola que se fai efectiva a abdicación da súa maxestade o rei don Juan Carlos I de Borbón.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

PREÁMBULO

O 2 de xuño de 2014, a súa maxestade o rei don Juan Carlos I comunicoulle ao presidente do Goberno a súa vontade de abdicar mediante entrega dun escrito, asinado na súa presenza, co seguinte teor literal:

«Na miña proclamación como rei, hai xa preto de catro décadas, asumín o firme compromiso de servir aos intereses xerais de España, co afán de que chegasen a ser os cidadáns os protagonistas do seu propio destino e a nosa Nación unha democracia moderna, plenamente integrada en Europa.

Propúxenme encabezar entón a ilusionante tarefa nacional que lles permitiu aos cidadáns elixir os seus lexítimos representantes e levar a cabo esa gran e positiva transformación de España que tanto necesitabamos.

Hoxe, cando volvo atrás a mirada, non podo senón sentir orgullo e gratitude cara ao pobo español.

Orgullo, polo moito e bo que entre todos conseguimos nestes anos.

E gratitude, polo apoio que me deron os españois para facer do meu reinado, iniciado en plena xuventude e en momentos de grandes incertezas e dificultades, un longo período de paz, liberdade, estabilidade e progreso.

Fiel ao anhelo político do meu pai, o conde de Barcelona, de quen herdei o legado histórico da monarquía española, quixen ser rei de todos os españois. Sentínme identificado e comprometido coas súas aspiracións, gocei cos seus éxitos e sufrín cando a dor ou a frustración os embargaron.

A longa e profunda crise económica que padecemos deixou serias cicatrices no tecido social pero tamén nos está a sinalar un camiño de futuro de grandes esperanzas.

Estes difíciles anos permitíronnos facer un balance autocrítico dos nosos erros e das nosas limitacións como sociedade.

E, como contrapeso, tamén reavivaron a conciencia orgullosa do que soubemos e sabemos facer e do que fomos e somos: unha gran nación.

Todo iso espertou en nós un impulso de renovación, de superación, de corraxir erros e abrir camiño a un futuro decididamente mellor.

Na forxa dese futuro, unha nova xeración reclama con xusta causa o papel protagonista, o mesmo que lle corresponde nunha conxuntura crucial da nosa historia á xeración a que eu pertenzo.

Hoxe merece pasar á primeira liña unha xeración máis nova, con novas enerxías, decidida a emprender con determinación as transformacións e reformas que a conxuntura actual está demandando e a afrontar con renovada intensidade e dedicación os desafíos do mañá.

A miña única ambición foi e seguirá sendo sempre contribuír a lograr o benestar e o progreso en liberdade de todos os españois.

Quero o mellor para España, á cal dediquei a miña vida enteira e a cuxo servizo puxen todas as miñas capacidades, a miña ilusión e o meu traballo.

O meu fillo, Felipe, herdeiro da Coroa, encarna a estabilidade, que é sinal de identidade da institución monárquica.

Cando o pasado xaneiro cumprín setenta e seis anos, considerei chegado o momento de preparar nuns meses a remuda para deixar paso a quen se encontra en inmejorables condicións de asegurar esa estabilidade.

O príncipe de Asturias ten a madurez, a preparación e o sentido da responsabilidade necesarios para asumir con plenas garantías a Xefatura do Estado e abrir unha nova etapa de esperanza en que se combinen a experiencia adquirida e o impulso dunha nova xeración. Contará para iso, estou seguro, co apoio que sempre terá da princesa Letizia.

Por todo iso, guiado polo convencemento de lles prestar o mellor servizo aos españois e unha vez recuperado tanto fisicamente como na miña actividade institucional, decidín por fin ao meu reinado e abdicar a Coroa de España, depondo en mans do Goberno e das Cortes Xerais a miña maxistratura e autoridade para que provexan a efectividade da sucesión na Coroa conforme as previsións constitucionais.

Desexo expresarles a miña gratitude ao pobo español, a todas as persoas que encarnaron os poderes e as institucións do Estado durante o meu reinado e a cantos me axudaron con xenerosidade e lealdade a cumprir as miñas funcións.

E a miña gratitude á raíña, cuxa colaboración e xeneroso apoio non me faltaron nunca.

Gardo e gardarei sempre a España no máis fondo do meu corazón».

A súa maxestade o rei púxoo en coñecemento dos presidentes do Congreso dos Deputados e do Senado e o presidente do Goberno deu traslado do escrito ao Consello de Ministros.

O artigo 57.5 da Constitución española dispón: «as abdicacións e renuncias e calquera dúbida de feito ou de dereito que aconteza na orde de sucesión á Coroa resolveranse por unha lei orgánica». Este precepto segue os precedentes históricos do constitucionalismo español, que nos textos fundamentais de 1845, 1869 e 1876 e, con variacións, noutros precedentes xa reservaban ao poder lexislativo a solución das cuestións a que dese lugar a sucesión, así como a autorización da abdicación, mesmo mediante unha lei especial para cada caso. Ben que a Constitución en vigor non utiliza este último termo, os citados antecedentes e o mandado do artigo 57 de que o acto rexio sexa resolto por unha lei orgánica fan que sexa este o instrumento legal idóneo para regular a efectividade da decisión.

A entrada en vigor desta lei orgánica determinará, en consecuencia, que a abdicación despregue os seus efectos e que se produza a sucesión na Coroa de España de forma automática, seguindo a orde prevista na Constitución.

Artigo único. *Abdicación da súa maxestade o rei don Juan Carlos I de Borbón.*

1. A súa maxestade o rei don Juan Carlos I de Borbón abdica a Coroa de España.
2. A abdicación será efectiva no momento da entrada en vigor da presente lei orgánica.


Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta lei orgánica entrará en vigor no momento da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 18 de xuño de 2014.

JUAN CARLOS R.



O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY

